

O poniente resiste

Artigo 19 da Declaración Universal de Dereitos Humanos adoptada e proclamada pola Resolución da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, 17 A (iii) do 10 de Decembro de 1948: *Todo individuo ten dereito á liberdade de opinión e de expresión; isto comporta o dereito a non ser inquietado por mor das opinións e o de buscar, recibir ou difundir as informacións e as ideas por calquera medio de expresión e sen consideración de fronteiras.*

Sabedes que hai persoas coma vós que cuestionan a necesidade das medidas que se están tomando?

Sabedes que hai científicos e terapeutas honestos que cuestionan con argumentos sólidos a versión oficial da suposta pandemia desde os seus diferentes aspectos?

Sabedes que hai científicos e terapeutas honestos que cuestionan a suposta bondade dos tratamentos que oficialmente se queren impoñer ao conxunto da poboación?

Sabedes que hai tratamentos eficaces e de baixo prezo para previr e curar diferentes enfermidades comúns, xa experimentados por científicos e terapeutas honestos neles mesmos e nos seus pacientes?

Sabedes que hai xuristas que cuestionan a legalidade e a lexitimidade das actuais normas que limitan as liberdades concretas vulneradas con ocasión da suposta pandemia?

Sabedes que hai economistas e estudosos da economía que cuestionan que esta sexa a única forma de resolver os retos económicos que a nosa nación e a Humanidade no seu conxunto ten formulados?

Sabedes que hai persoas e colectivos de informadores conscientes e honestos que proporcionan ao público dispoñible noticias que non están contempladas nos medios masivos denominados «de información», mais que nos axudan a entender mellor a situación actual?

Sabedes que hai outras persoas coma nós que se están facendo estas e outras preguntas, e que se están agrupando ao redor

dos grupos de **Soberanía e Saúde** a nivel local?

Se estades interesados en saber as respostas a estas e outras preguntas e a dar e recibir apoio ás persoas que, coma vós, estades sendo cada vez máis abandonadas polas administracións públicas, vide connosco!

Tomade contacto co voso grupo de Soberanía e Saúde:

<https://soberaniaysalud.com/contactar/>

«A cousa máis importante en ciencia é non deixarmos nunca de cuestionar».


Albert Einstein (1879-1955).

«...Non estamos simplemente rivalizando para que a miña visión ou a túa prevalezan, supoño que dalgunha maneira os dous estamos a loitar pola verdade».

De Philebus, dos Diálogos de Platón.

«A verdade é revolucionaria».

Jean Jaurès (1859-1914).





As cinco leis da Nova Medicina Xermánica do Doutor Geerd Hamer.

Debido ao impacto dunha bala perdida, o mozo Dirk Hamer foi gravemente ferido mentres dormía a sesta nunha barca xunto á illa de Cavallo, á beira de Córsega. Finalmente morreu en brazos de seu pai no hospital. Como consecuencia daquel feito, os pais de Dirk, o Doutor Geerd Hamer e a súa muller desenvolveron cadanseu tumor que se trataron de maneira convencional. A nai acabou morrendo. O Doutor Hamer preguntouse como é posible que, coincidindo co feito máis traumático acontecido nas súas vidas, ambos os dous desenvolvesen respectivamente cadanseu tumor. A partir de entón el empezou a investigar en pacientes ingresados en hospitais.

Foi entón cando descubriu e foi desenvolvendo as súas cinco leis, aplicables a todas as enfermidades, exceptuando as intoxicacións, os traumatismos e as que son de nacemento. Ofrecémosvos un resumo:

Primeira Lei. Lei de Ferro das Enfermidades.

Toda enfermidade é froito dun conflito biolóxico hiperagudo que che colle a contrapé e vivido en illamento.

Segunda Lei. Lei do carácter bifásico das enfermidades.

Toda enfermidade está dividida en dúas fases unha vez que se resolveu o conflito que a xerou. Fase de conflito activo ou simpaticotonía e fase de solución ou vagotonía.

Terceira Lei. Sistema ontoxénico das enfermidades.

As enfermidades rexidas polo cerebro antigo: endodermo e mesodermo antigo, cando se atopan en fase de conflito activo ou simpaticotonía, o órgano asociado aumenta o seu volume ou a súa función. Cando se atopan en fase de solución ou vagotonía, o órgano asociado diminúe o seu volume ou a súa función.

En cambio, nas enfermidades rexidas polo cerebro moderno: mesodermo moderno e ectodermo, acontece ao revés. Cando se atopan en fase de conflito activo ou simpaticotonía, o órgano afectado diminúe o seu volume ou a súa función, mais cando se atopan en fase de solución o órgano afectado aumenta o volume ou función.

De feito, outro dos méritos do Doutor Hamer é descubrir a cartografía do corpo humano dentro do cerebro, como a dos ollos coa iridología, a das orellas coa auriculoterapia e a dos pés coa reflexoterapia.

Cuarta Lei. Lei do carácter ontogénico dos microbios.

Os microbios realmente existentes, como os fungos e as bacterias, participan como auxiliares ou simbioses en certas enfermidades. Algúns o fan en fase de conflito e outros en fase de solución.

Quinta Lei. A quinta esencia.

A enfermidade forma parte dun programa especial da Natureza con sentido biolóxico, que se explica no contexto da historia da evolución.

As cinco leis biolóxicas foron verificadas en Trnava, Viena, Munich, Namur, Burgau, Düsserdolf e en multitude de pacientes tratados polo mesmo Doutor Hamer e os seus discípulos. Aínda así, o mesmo Doutor Hamer recibiu unha persecución incesante, incluíndo a inhabilitación e a retirada do seu título de médico por non consentir que unha nena enferma, Olivia Pilhar, fose sometida ao agresivo tratamento convencional. Tamén sufriu algunhas condenas de cárcere acusado de exercer a medicina sen o título que lle quitaron, unha delas en Francia despois de que o goberno español permitise a extradición. Finalmente, exiliouse en Noruega, onde morreu aos seus 82 anos.



O caso do Doutor Stefan Lanka e o virus do sarampelo.

O biólogo e virólogo Doutor Stefan Lanka é un dos poucos investigadores científicos que illou un virus realmente existente, concretamente o *Ectocarpus siliculosus virus*, dos chamados virus xigantes ou fagos, proveniente dos océanos e que non causa ningunha enfermidade.

Nun encontro que mantiveron os Doutores Hamer e Lanka en Barcelona, o primeiro fixo ver ao segundo que os considerados virus das bacterias en verdade non son organismos vivos, ademais da inconsistencia da teoría vírica das enfermidades.

Tomando un dos primeiros supostos virus como exemplo, Lanka ofreceu en Alemaña un premio de cen mil euros a quen achegase polo menos unha referencia científica inequivocamente demostrativa do illamento do virus do sarampelo. Fíxoo dentro do cuestionamento da existencia dos chamados «virus patóxenos», despois de constatar que coñecidos investigadores como os doutores Louis Pasteur e Robert Koch, competindo entre eles, fixeran trampas nos seus experimentos ao quererem demostrar que algunhas enfermidades eran causadas por virus.

O médico licenciado David Bardens achegou seis referencias, supostamente demostrativas de probas de illamento do virus do sarampelo. Despois de revisar estas seis publicacións, o Doutor Lanka concluíu que ningunha delas achegaba o illamento solicitado.

Entón Bardens presentou unha demanda contra o Doutor Stefan Lanka, achegando estas seis publicacións como supostas probas do illamento do virus. O 10 de Abril de 2014, o Tribunal do distrito de Ravensburg fallou en contra de Lanka.

A continuación, Lanka fixo reproducir os experimentos que, segundo as referencias achegadas por Bardens, supostamente illaran o presunto virus do sarampelo, seguindo os mesmos procedementos especificados nos artigos presentados. Resultou que en ningún dos procedementos se obtiña como resultado o illamento do presunto virus, o cal demostraba que nos experimentos orixinais non se confirmou cada un dos resultados mediante unha proba de control.

O 16 de Febreiro de 2016, o Tribunal Superior de Xustiza de Stuttgart reconsiderou a primeira sentenza e concluíu que Bardens non cumprira formalmente cos criterios esixidos por Lanka. A mediados de 2016, Bardens apelou ao Tribunal Supremo Federal de Alemaña en Karlsruhe.

En Xaneiro de 2017, o Tribunal Supremo confirmou a sentenza anterior. Lanka non tivo que facer ningún pago e condenou a Bardens a pagar as costas xudiciais. Ata cinco expertos participaron na valoración dos experimentos. Entre os cinco expertos estaba o Profesor Andreas Podbielski, o cal *«comprobou sistematicamente que ningunha das seis publicacións que se presentaron contén probas científicas de que haxa tal cousa como un presunto virus do sarampelo»*. Podbielski traballa no Instituto de Microbiología Médica, Viroloxía e Hixiene de Rostock (Bardens aínda non obtivo o doutoramento).

Dous recoñecidos laboratorios, incluíndo o Instituto Robert Koch, chegaron exactamente aos mesmos resultados, de maneira

independente. Os resultados demostran que os autores das seis publicacións sobre o virus do sarampelo estaban equivocados e, como resultado directo, os virólogos do sarampelo mantéñense neste erro: interpretaron mal os constituíntes ordinarios das células como parte dun sospeitoso virus do sarampelo.

En referencia á base científica da vacina do sarampelo, Lanka afirma: *«Atendendo que estas seis publicacións nin ningunha outra publicación demostran (cientificamente) que haxa un virus do sarampelo, a sentenza do Tribunal Supremo no xuízo sobre o virus do sarampelo, e os resultados das probas xenéticas, ten as súas consecuencias: o virus do sarampelo, a capacidade de infección do virus do sarampelo, e os beneficios e seguridade da vacina contra o sarampelo, carecen de carácter científico e, portanto, ficaron privados dos seus fundamentos xurídicos».*

O Doutor Lanka aclara que el non cuestiona a existencia mesma da doenza do sarampelo; o que afirma é que os diversos casos existentes se poden explicar mediante diferentes causas, ningunha delas contaxiosa.

Kary Mullis en Santa Mónica, California.



Declaracións do Doutor Kary Mullis (1944-2019), Premio Nobel de Química do ano 1993 pola invención da **Reacción en Cadea da Polimerasa (PCR)**, na Charla celebrada en Santa Mónica, California, titulada *«Corporate Greed & AIDS»*, o sábado, 12 de Xulio de 1997: *«(...) A PCR en si mesma é tan só un proceso que se utiliza para crear moito de algo a partir de algo. Isto é o que é, porén non che di que estás enfermo, nin che di que o que resultou teña que causarche algún mal, non é por iso (...).»*



Declaracións do Doutor Kary Mullis (1944-2019), Premio Nobel de Química do ano 1993 pola invención da **Reacción en**

«A min sempre me chama a atención que sempre se fala, e con razón, de liberdade de expresión. É obvio que se téñen que ter isto, mais o que se téñen que ter, principal e primariamente, é liberdade de pensamento. Que me importa a liberdade de expresión senón digo máis que imbecilidades? Para que serve se non sabes pensar; se non téñes espírito crítico, se non sabes ser libre intelectualmente?».



Emilio Lledó. Filósofo.

Por que nos enfermamos? (Baixo a ollada de dous científicos).



Louis Pasteur.

«A enfermidade está causada por microorganismos que nos infectan y por iso enfermamos».

Bernard Claude.

«Non é verdade. É o desequilibrio (homeostasis) aquilo que determina se os microorganismos poden causar unha enfermidade».

Frase final:

«Bernard (Claude) tiña razón, equivoqueime. O microbio non é nada. O medio éo todo».

Doutor Louis Pasteur (1822-1895) no seu leito de morte.

Data de edición do presente boletín:
Domingo, 26 de Decembro de 2021.